

CURSOS DE FORMACIÓN

Sanidade forestal

A identificación das pragas e enfermidades que afectan aos montes galegos é fundamental para o establecemento dos remedios que lle poñan freo ás mesmas e deste xeito minimizar o máximo posible os seus efectos e as perdas ocasionadas por elas. A experiencia acumulada na AFG demostra que esta é unha das grandes preocupacións do propietario forestal.

Lugar	Mondoñedo (Lugo) Salón de actos da Casa da Xuventude
Data	Venres, 26 de setembro de 2008 ás 18:30 horas Sábado, 27 de setembro de 2008 ás 10:00 horas

Lugar	Ortigueira (A Coruña) Fundación Ortegalia
Data	Venres, 17 de outubro de 2008 ás 18:30 horas Sábado, 18 de outubro de 2008 ás 10:00 horas

Lugar	Arzúa (A Coruña) Casa da Cultura
Data	Venres, 7 de novembro de 2008 ás 18:00 horas Sábado, 8 de novembro de 2008 ás 10:00 horas

Outros aproveitamentos do monte distintos da madeira

Os montes contan con variados recursos algúns deles susceptibles de ser aproveitados e outros de mellorar a súa explotación, sempre de acordo coas normas da xestión forestal sostible. As castañas, os pequenos froitos, os cogomelos, o mel, o gando, a biomasa, as plantas aromáticas e medicinais, a paisaxe... son moitos dos bens cos que contan os montes que na actualidade son pouco aproveitados e que supoñen novas fontes de recursos para os silvicultores galegos.

Lugar	Negreira (A Coruña) Casa da Cultura
Data	Venres, 10 de outubro de 2008 ás 18:00 horas Sábado, 11 de outubro de 2008 ás 10:00 horas

Lugar	As Pontes de García Rodríguez (A Coruña) Liceo Recreativo e Artístico
Data	Venres, 24 de outubro de 2008 ás 19:00 horas Sábado, 25 de outubro de 2008 ás 10:00 horas

Silvicultura de frondosas

A crecente demanda da industria do moble e da carpintaría, fai que hoxe en día sexa imprescindible para os silvicultores coñecer as técnicas de silvicultura a seguir para conseguir madeira de frondosas de alta calidade. Este será o obxectivo dos catro cursos programados sobre silvicultura de frondosas.

Lugar	A Estrada (Pontevedra) Centro Comarcal Tabeirós-Terra de Montes
Data	Venres, 23 de maio de 2008 ás 18:30 horas Sábado, 24 de maio de 2008 ás 10:00 horas

Lugar	Chantada (Lugo) Casa da Cultura
Data	Venres, 17 de outubro de 2008 ás 18:30 horas Sábado, 18 de outubro de 2008 ás 10:00 horas

Lugar	Frades (A Coruña) Centro Multiusos
Data	Venres, 24 de outubro de 2008 ás 20:00 horas Sábado, 25 de outubro de 2008 ás 10:00 horas

Lugar	Brión (A Coruña) Salón de actos do Centro Social Polivalente
Data	Venres, 14 de novembro de 2008 ás 19:00 horas Sábado, 15 de novembro de 2008 ás 10:00 horas

A prevención de incendios forestais

O obxectivo principal destes seminarios é a presentación da lei galega de incendios forestais, as obrigas e dereitos dos propietarios forestais, as agrupacións de defensa contra incendios, a cooperación dos propietarios de montes cos servizos de defensa, e outros aspectos relacionados co tema. A novidade das normas recentes e a súa complexidade fan preciso a súa divulgación.

Lugar	Crecente (Pontevedra) Centro Social de Filgueira
Data	Xoves, 22 de maio de 2008 ás 19:30 horas

Lugar	As Pontes de García Rodríguez (A Coruña) Liceo Recreativo e Artístico
Data	Venres, 23 de maio de 2008 ás 19:00 horas

Lugar	Santiago de Compostela (A Coruña) Sede central da AFG
Data	Luns, 26 de maio de 2008 ás 19:00 horas

Lugar	Dodro (A Coruña) Salón de actos da CMVMC Balouta e Fontecova (A Paxareira)
Data	Venres, 30 de maio de 2008 ás 20:00 horas

Lugar	Salceda de Caselas (Pontevedra) Centro Cultural de Parderrubias
Data	Mércores, 4 de xuño de 2008 ás 20:00 horas

Aproveitamento da biomasa forestal primaria con fins enerxéticos

O aproveitamento enerxético da biomasa forestal primaria revélase como un recurso que axudará a aportar novas rendas aos montes galegos. Resulta de vital importancia para os silvicultores galegos coñecer as potencialidades deste recurso, as técnicas de aproveitamento e as claves dunha boa organización do subministro.

Lugar	Ourol (Lugo) Centro Social da Cooperativa de Xerdiz
Data	Luns, 2 de xuño de 2008 ás 19:00 horas

Lugar	Ponteareas (Pontevedra) Centro Cultural de Xinzo
Data	Venres, 27 de xuño de 2008 ás 19:30 horas

SEMINARIOS TÉCNICOS

Fiscalidade e xestión de montes veciñais en man común

O coñecemento dos mecanismos dunha boa xestión dos montes veciñais en man común e da fiscalidade que lles afecta é fundamental para facer rendible o monte traballando cos criterios dunha xestión forestal sostible e moderna.

Lugar	Ponteareas (Pontevedra) Centro Cultural de Xinzo
Data	Venres, 20 de xuño de 2008 ás 19:30 horas

Lugar	Ribadeo (Lugo) Local Social da CMVMC de Ove
Data	Xoves, 3 de xullo de 2008 ás 20:30 horas

Lugar	Viveiro (Lugo) Aula de Cultura de Caixa Galicia
Data	Venres, 4 de xullo de 2008 ás 20:00 horas

Lugar	Rois (A Coruña) Local Social de Dices (antiga Cámara Agraria)
Data	Venres, 11 de xullo de 2008 ás 20:00 horas

Mercado, novos usos e comercialización de produtos forestais

Se as dificultades ás que un silvicultor se enfrenta ao longo das quendas da produción forestal para conseguir un produto de calidade, son grandes, non menores son as de conseguir prezos de venda que compensen os gastos realizados. Hoxe en día máis que nunca, resulta imprescindible que o silvicultor coñeza os métodos de comercialización e valoración da madeira e doutros produtos como pode ser a biomasa forestal primaria, para acadar rendementos acordes co valor da materia prima que pon no mercado. É sobre estas técnicas, sobre o que vai versar este seminario.

Lugar	Vigo (Pontevedra) Casa da CMVMC de Coruxo
Data	Venres, 4 de xullo de 2008 ás 19:30 horas

A poda, as desmestas e os rareos e a produción de madeira de alto valor

A poda e os rareos e desmestas son tres actividades fundamentais e imprescindibles para acadar madeira de alta calidade demandada polo mercado. O coñecemento das técnicas destes traballos son fundamentais para a consecución de bos resultados ao cabo das quendas de produción. A gran superficie repoboada nos últimos anos, gran parte dela con fondos europeos, fai que sexa moi importante divulgar estas técnicas para que estes investimentos non se boten a perder por mor dunha mala silvicultura. A madeira mal conformada e con nós non se cotiza no mercado e non compensa os investimentos feitos nas plantacións.

Lugar	Vilalba (Lugo) Montes do contorno Cita: entrada do polígono industrial
Data	Sábado, 31 de maio de 2008 ás 10:00 horas

Lugar	O Rosal (Pontevedra) Montes do contorno Cita: casa da CMVMC de San Miguel
Data	Sábado, 27 de setembro de 2008 ás 10:00 horas

Lugar	Cerceda (A Coruña) Montes do contorno Cita: entrada Aquapark
Data	Sábado, 4 de outubro de 2008 ás 10:00 horas

VIAXE DE PRÁCTICAS

Viaxe a Portugal e Extremadura

A viaxe de prácticas está pensada como complemento aos coñecementos impartidos e comprobación *in situ* de varios dos aspectos silvícolas que se abordan nos cursos e seminarios. Esta viaxe técnica discorrerá por Portugal e Extremadura onde os silvicultores poderán coñecer da man dos técnicos responsables, experiencias no eido da silvicultura, do aproveitamento enerxético da biomasa e doutros aproveitamentos forestais distintos da madeira como é o caso das explotacións silvopastorais extremeñas.

Saída e retorno do autobús de Santiago de Compostela	
Data	2, 3, 4 e 5 de outubro de 2008

PRESENTACIÓN

Un ano máis, tal como ocorre desde 1988, a Asociación Forestal de Galicia presenta o seu programa formativo dirixido a propietarios de montes particulares e membros de comunidades de montes veciñais en man común. Trátase dun conxunto de actividades coas que se pretende facer unha transferencia de coñecementos actualizados sobre temas que interesan aos silvicultores a través dun programa de carácter práctico e axeitado á dispoñibilidade de tempo dos propietarios forestais galegos.

O programa vaise desenvolver durante a primavera e o outono de 2008 a través de 9 cursos de silvicultura, 15 seminarios técnicos e unha viaxe de prácticas.

O coñecemento das novas técnicas da silvicultura, da lexislación de prevención de incendios forestais, dos aspectos fundamentais na xestión e da fiscalidade de montes veciñais, de información actualizada sobre o despunte de novos recursos forestais susceptibles de aproveitamento, ou sobre a identificación de pragas e doenzas e o seu correcto combate, é indispensable se se quere que os nosos montes sexan unha verdadeira fonte de riqueza seguindo os criterios que establece a xestión forestal sostible.

O programa conta co respaldo da Consellería do Medio Rural a través das axudas contempladas na *Orde para programas de valorización integral e promoción da multifuncionalidade do monte*.

ACTIVIDADES FORMATIVAS

Cursos de formación

Trátase de sesións formativas de dúas medias xornadas de duración dedicadas a presentar diversos aspectos relacionados coa silvicultura. Unha sesión é de carácter teórico en aula e outra de carácter práctico no monte. Na programación de 2008 inclúense cursos de silvicultura das frondosas de maior interese comercial en Galicia: castiñeiro, bidueiro, carballo americano, nogueira e freixo, cursos para formar a responsables de montes veciñais e propietarios forestais na identificación das principais pragas e doenzas forestais e tamén cursos de manexo e xestión do monte para aproveitamentos distintos da madeira: froitos forestais, cogomelos, plantas aromáticas e medicinais, etc.

Seminarios técnicos

Son sesións de media xornada de duración dedicadas a tratar un tema forestal específico. Estes seminarios poden ser celebrados en recintos pechados ou poden ser impartidos en sesións prácticas no monte. Para o ano 2008 programáronse 15 seminarios que tratarán temas tan diversos como a poda forestal, o mercado e comercialización da madeira, o aproveitamento da biomasa forestal primaria con fins enerxéticos, a prevención dos incendios forestais e a xestión das CMVMC.

Viaxe de prácticas

Prográmase para o presente ano unha viaxe de prácticas de catro días de duración que transcorrerá por Portugal e Extremadura, onde os silvicultores poderán coñecer da man dos técnicos responsables, experiencias no eido da silvicultura e da prevención de incendios, iniciativas de aproveitamento enerxético da biomasa e doutros aproveitamentos forestais distintos da madeira como é o caso das explotacións silvopastorais extremeñas. A viaxe foi programada para completar o programa formativo impartido en Galicia.

INSCRIPCIÓN

A inscrición previa farase chamando aos seguintes teléfonos da Asociación Forestal de Galicia:

Oficina AFG Santiago	981 564 011
Oficina AFG As Pontes	981 440 537
Oficina AFG Pontearreas	986 660 864

PROFESORADO E MATERAL DIDÁCTICO

Os cursos e seminarios programados serán impartidos por expertos forestais da Asociación Forestal de Galicia que contan cunha dilatada experiencia en silvicultura e xestión de montes. Os participantes nos cursos dispoñerán de material didáctico que recolle os temas que se tratan. Na viaxe de prácticas contarase con expertos locais coñecedores das experiencias que se visiten.

ORGANIZACIÓN E PATROCINIO

Este programa formativo está organizado pola Asociación Forestal de Galicia co patrocinio da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia-Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e a Unión Europea a través dos fondos FEADER. A AFG quere expresarlle o seu agradecemento aos Concellos de Arzúa, Brión, Chantada, Frades, Mondoñedo, Negreira e Rois, á Obra Social de Caixa Galicia, á Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, á Cooperativa de Xerdiz (Ouro), ao Liceo Recreativo e Artístico das Pontes de García Rodríguez, á Fundación Ortegalia e ás CMVMC Balouta e Fontecova (Dodro), Coruxo (Vigo), Filgueira (Crecente), Ove (Ribadeo), Parderrubias (Salceda de Caselas) e Xinzo (Pontearreas), pola súa colaboración cedendo os locais para celebrar os cursos e seminarios. Tamén quere recoñecerlle a súa colaboración a todas as persoas, empresas e institucións que participan no desenvolvemento deste programa formativo.

